

O portugués como ficción dramática. (A fronteira lingüística no entremés *A Contenda dos Labradores de Caldelas* [1671])

Manuel Ferreiro
(Universidade da Coruña)

Para a historia da nosa lingua, 1671 é un ano importante, pois esta é a data que aparece á fronte, xa no propio título, de *A Contenda dos Labradores de Caldelas*, no manuscrito nº 16.717 da Biblioteca Nacional de Madrid, cuxo título completo é *Entremés famoso en que se contiene la contienda que tubieron los labradores de la feligresía de Caldelas con los portogueces sobre la pesca del río Miño. Año de 167-¹*. Deste importante manuscrito², transmisor da primeira obra teatral da literatura galega, xa existen varias edicións de diverso carácter e condición: desde a primeira edición de Bouza Brey en 1953³, xa apareceu unha versión escolar con alteracións lingüísticas significativas⁴,

¹ A partir da primeira edición, en 1953, a peza foi coñecida como *Entremés famoso sobre da pesca do río Miño*, que o editor, Fermín Bouza Brey, lle atribuíu. Agora ben, na primeira folia do ms. aparece o que, para o copista, debía ser o seu título, *La Contienda de los Labradores de Caldelas*, e que agora recolleemos como máis axeitado para esta peza dramática. A anotación *Entremés Famoso*, que segue a continuación, somente indica que esta peza teatral, distante do xénero dramático dos entremeses, xa fora representada con anterioridade.

² As lagoas do manuscrito, producidas por roturas ou manchas, poden ser cobertas pola cópia decimonónica existente na Biblioteca do 'Institut del Teatre' de Barcelona (nº 61.546), bastante fiel ao orixinal, salvo na constante castelánización gráfica que se produce a partir do manuscrito de Madrid.

³ Vid. Gabriel Feixoo de Arauxo, *Entremés famoso sobre da Pesca no Río Miño. Ano de 1671*. Transcripción, limiar e notas de Fermín Bouza-Brey. Ilustracións de Xohán Ledo, Vigo, Edicións Monterrey, 1953.

⁴ Vid. Xoán Babarro, *As Nosas Letras*, Barcelona, S.A. Casals Edicións e Librería, 1978, pp. 93-102.

unha edición divulgativa con modernización gráfica⁵ e, finalmente, unha transcripción semipaleográfica do manuscrito de Madrid⁶.

Se literariamente a obra do Licenciado Gabriel Feixó de Araújo é un fito importante en pleno deserto cultural dos “séculos escuros”, do punto de vista lingüístico este drama constitui un documento único. Desde finais do século XV até os principios do século XIX, en que comeza de novo a rexurdir con forza a nosa literatura nacional, unicamente podemos contar cun pequeno número de composicións poéticas escritas en galego, alén do especial xénero do vilancico de Nadal⁷ e máis das 1.201 coplas do *Coloquio de 24 gallegos rústicos* do P. Martín Sarmiento, de grande valor filolóxico-instrumental⁸.

Así pois, os 433 versos da obra de que agora tratamos aparecen como un documento (literario) de especial relevancia para avaliar o proceso de conformación do galego durante o período en que se produce o salto lingüístico desde o final da Idade Média até o período contemporáneo.

Por outra parte, o feito de se tratar dunha obra “bilingüe” (cando menos do punto de vista da funcionalidade dramático-literaria) confere-lle aínda un interese maior á *Contenda dos labradores de Caldelas*, por representar a visión e o testemuño dun autor galego acerca das diverxencias lingüísticas que nos finais do século XVII existían ou se producían entre os falantes dunha e doutra marxe do río Miño. Sobre esta diverxencia, segundo a percepción que da

⁵ Vid. Gabriel Feixó de Araújo, *Entremés famoso sobre a pesca no río Miño*. Introducción, transcripción e notas de Manuel Ferreiro, *Cuadernos da Escola Dramática Galega*, nº 41, Decembro, 1983.

⁶ Vid. Henrique Manuel Rabunhal Corgo, «Contribuição ao estudo do *Entremés Famoso sobre a Pesca no Rio Minho*», in *II Congresso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza. 1987. Actas*, Santiago de Compostela, 23 de Setembro - Ourense, 27 de Setembro, Associação Galega da Língua, 1989, pp. 333-359.

⁷ Grande parte dos vilancicos que cronoloxicamente foron elaborados no período de decadencia foron compostos fora da Galiza (en Portugal, España ou Latino-América) por autores non galegos. A súa lingua, en consecuencia, sufriu un proceso de crioulización que altera e desfigura a fasquia galega até o punto de, ás veces, ser difícil afastar o elemento autóctono galego doutras componentes lingüísticas.

⁸ Vid. a excelente edición de J. L. Pensado en Fr. Martín Sarmiento, *Colección de Voces y Frases Gallegas*. Edición y estudio por..., Universidad de Salamanca, 1970. Posteriormente apareceu unha edición divulgativa con base na anterior: *As coplas do padre Sarmiento*. Edición, notas e limiar por X. L. Axeitos, Sada-A Coruña, Ed. do Castro, 1982.

dualidade lingüística galego-portuguesa reflecte Gabriel Feixó de Araújo na súa obra, é que nos imos centrar.

Se estudarmos isoladamente os parlamentos de Gregório Roleiro, por unha banda, e os das personaxes portuguesas, pola outra⁹, observamos que existen numerosas coincidencias que, a seguir, clasificaremos ordenadamente¹⁰.

Comezando pola fonética, a coincidencia entre a lingua falada polo labrador e a utilizada polos personaxes portugueses resulta ilustrativa dabondo.

No que respeita ao vocalismo, o fenómeno máis sobresaliente ao longo da obra é a continua vacilación das vogais átonas, tanto nos parlamentos do protagonista galego,

e > a: çarrar, gadella, naçasairo, raçar, raçar.

e > i: apilido, firido, freiguisia.

i > e: desparar, pestoletaço, remedear.

i > o: quosais.

o > a: naramalla.

o > u: custume, purtugues-purtuguez.

u > o: agoa,

como nos portugueses:

e > a: Alantejo, anamigo¹¹.

e > i: apilidar, dilicado, dirribar, firido, pricosia, quirido.

i > e: desparar, tenjer.

o > e: testoins.

o > u: duçura, escullido, fuçin[h]o, ludoso, mufina, pudia.

u > o: joiso, sepultura.

⁹ No ms. somente aparecen relacionados «Un portuguez», «Un labrador llamado Roleiro» e «Una portuguesa»; mais aínda deben ser engadidas máis outras dúas personaxes (vid. ANEXO).

¹⁰ Teña-se en conta que moitos dos fenómenos lingüísticos e das formas citadas no portugués (e aínda no galego) do *Entremés* son típicas da lingua quíñentista (vid. Segismundo Spina, *História da Língua Portuguesa. III. Segunda metade do século XVI e século XVII*, São Paulo, Ática Editora, 1987, pp. 16-20; tamén, Serafim da Silva Neto, *História da Língua Portuguesa*, Rio de Janeiro, Presença/MEC, 1979 (3ª ed.), pp. 478-479 e 504-508).

¹¹ Parece lóxico supor que o autor non parte de *inimigo*, senón da forma *enemigo*.

A isto ainda debemos engadir certos fenómenos atribuíbeis, en xeral, ás exixencias métricas: a vacilación continua entre *e* e máis *y* como conxunción copulativa¹², a presenza da forma *Juan* no parlamento de Roleiro ou o uso do numeral *meu* (en concorrencia con *meo* e *meho*) no pranto da muller portuguesa, así como algunha vacilación na representación de *wau* en posición final (*paol/pau*) ou a alternancia, xa antiga, entre *traidor* e *treidor*.

Canto ao consonantismo, a inexistencia dun fonema |v| (ou |β|) é testemuñada através da vacilación permanente, para alén da arbitrariedade no seu uso, na inmensa maioría dos vocábulos que presentan este(s) fonema(s), como é característico de todo o territorio galego así como do Norte de Portugal¹³.

Así, nos versos correspondentes ao labrador rexístran-se *abo*, *atrabesado*, *fabor*, *lebar*, *oubir*, *saber-saver*, *tuber*, *barredeira*, *barrer*, *bara*, *bello*, *ver-ber*, *ves-bes*, *vir-bir*, *bolber-volber*, *bos* (pron.), *bosa mercede*, *bosastede*, á parte de *aver*, *cabalo*, *carbalo*, *deber*, *governar*, *librar* ou *neboeiro*.

Algo moi semellante acontece no caso dos portugueses: *abentajar*, *alba*, *aljaba*, *atrabesado*, *atrebido*, *bicho-vicho*, *bisabo*, *con bosco*, *couba*, *crabado*, *deboto*, *dubia*, *ebanjeos*, *fabor*, *ibão*, *raiba*, *raiboso*, *rebolber*, *ruibo*, *saber-saver*, *sable*, *tartarabos*, *trabar*, *trabeso*, *bai*, *balente*, *baler-valer*, *bamos*, *basallaje*, *bendado*, *bender*, *bento*, *ber-ver*, *berter*, *bilaons*, *biola*, *vir-bir*, *vitoria-bitoriosos*, *boce*, *bolber*, *boso*, *bregoña*, alén do sistemático *-ba-* como sufixo modal-temporal de co-pretérito nos verbos da primeira conxugación.

Por outra banda, o *Entremés* manifesta a nivelación a favor de |s| de todos os antigos fonemas |s|-|z| (e |ts|-|dz|), que, se no caso do galego xa había tempo que desaparecera o rasgo de sonoridade¹⁴, lóxicamente deberían aparecer nos parlamentos portugueses. As grafías son vacilantes, con xeral ausencia de 'z' e case total inexistencia de 'ss'¹⁵, con confusións continuas 'c-ç'/'s'/'ss'/'z'¹⁶, á

¹² A distribución de *e* e *y* responde a criterios fonéticos e métricos: a forma *e* aparece sistematicamente perante consoante ou en hiato coa vogal seguinte; no resto dos casos aparece *y*. A única excepción rexístrase no v. 326.

¹³ Vid. a delimitación dos territorios de |b| vs. |β| e |v| en Luís F. Lindley Cintra, *Estudos de Dialectologia Portuguesa*, Lisboa, Sá da Costa, 1983, p. 103.

¹⁴ Lembren-se as confusións documentadas nos textos do "galego posterior" e a ausencia de distinción xordo/sonoro nos escasos textos conservados do século XVI.

¹⁵ Sorprendentemente, a única vez que aparece esta grafía é nun parlamento do labrador (cfr. *essa*, v. 213).

parte das puramente gráficas entre 'c'-'ç', como *amanecer* e *raçar* no caso do galego¹⁷ ou *fuçin[h]o* no portugués:

En galego:

'ç'-'s': *braça*, *caçar*, *casa-caça*.

's'-'ç' ou 'c': *quosais*, *pesoña*, *sinta*.

's'-'z': *des*, *juis*, *pardes*, *praser*, *pas*, *portugues-portuguez*, *rapas*¹⁸, *sinpresa*, *ves-bes*.

O mesmo acontece en portugués:

'c'-'ss': *ciscacen*

'c'-'z': *decer-dicir*, *doncela*, *facrer*, *lucido*, *tracer*.

'ç'-'s': *caçar*, *co'iço*.

'ç'-'z': *traçer*.

's'-'ç' ou 'c': *cabasa*, *cabeça-cabesa*, *enbasar*, *perfeitoado*, *sirolas*.

's'-'z': *fes*, *joiso*, *traser*, *rapas*.

'z'-'ç': *lazos*.

Así pois, a ausencia da consoante fricativa interdental no caso do galego resulta evidente tanto en situación implosiva¹⁹ como explosiva, como mostran as continuas confusións gráficas, sen calquer transcendencia fonolóxica²⁰.

En coerenza con esta situación a respecto dos fonemas fricativos alveolares, no texto desaparece todo rastro de sonoridade no fonema fricativo palatal, apresentando-se unha única grafía 'j' para todos os casos: *debaijo*,

¹⁶ Para a enumeración vocabular nos parlamentos galegos, partimos da ausencia de sibilantes sonoras.

¹⁷ A grafía 'ç' é aínda moi frecuente (*baça*, *çarrar*, *colmaço*, *dança*, *raçar*, *pestoletaço*, *ruço*, *raça*, *discrifiçon*, *garrotaço*, *lançada*, *naçassairo*, *mudança*, *matança*, *raçar*, *raçon*, *braça*).

¹⁸ Mais *rapaces*, no v. 236.

¹⁹ A forma *portuguez*, graficamente arcaica, aparece nun contexto propositadamente escrito en español (*Ah de Dios y ah del Rey*, v. 216), pola referencia á recente guerra de independencia portuguesa en que os galegos tiveron de participar (cfr. F. Bouza Brey, *op. cit.*, p. VIII).

²⁰ A presenza das secuencias gráficas 'ce' e 'ci' é coherente coa utilización de 'ç'.

deixar, enbajada, esparjer, fujir, jente e seijoada en galego²¹; *cinjir, jente, jirasol, pujar, tenjer e basallaje* no portugués²².

Outros varios fenómenos de carácter fonético parecen confirmar o tratamento esencialmente igualitário que o Licenciado concedeu ás dúas variedades lingüísticas utilizadas na *Contenda*.

Ao longo da obra, os grupos consonánticos formados por consoante oclusiva máis a lateral alveolar || reciben o mesmo tratamento popularizador cun tratamento semiculto, independentemente da personaxe que fale: *craro, preito, sinpresa, diabro, frol*, ao lado de *crabada, crego, crega, dobrada, nobre, pracer, prasa, pragas, prata*²³.

Igualmente populares son certas metátases de 'r' rexistradas en *pornosticado* (galego) e *bregoña* (portugués) e a absoluta ausencia de grupos cultos, acorde co rexistro lingüístico da peza. Ao mesmo tempo, aparecen sen distinción de personaxe ou lingua numerosas contraccións, habituais en galego, mais vulgares en portugués: *c'o, co'a, co'eles, co'estas*, en galego; *c'o, co'a, co'liço*, en portugués, alén da sistemática contracción ò ao longo de todo o texto²⁴.

Absolutamente unitario é tamén o resultado dos grupos *qua-* e *gua-*, resolvidos a favor do resultado xeral galego *ca-* e *ga-* en todos os casos: *garda, agardar, canto* e *catro*²⁵.

Tamén contribúen á aparición de unidade lingüística, independentemente da nacionalidade da personaxe, outras particularidades de índole morfolóxica ou sintáctica, como o uso alternativo das conxuncións comparativas *como* e *coma*, así como a presenza da distinción entre *te* e *che* nos parlamentos portugueses.

No que respeita ao léxico, observan-se seleccións vocabulares comuns, en xeral de índole galega: *bo* (e *boa*), *el*, *pór*, *decer*²⁶ ou *fromoso*. Alén disto, en ambos os dous casos aparecen castellanismos, aínda hoxe comuns nas diversas

²¹ Rexistramos, por outra parte, *anjo, bacorejada, beijar, descrijiçon, oje, ja, jantar, juizo, judicar, juis, jurar, justicia, latejar, pastorejada, patujar* e *Juan*.

²² Ademais de *abentajar, Alantejo, aljaba, anjo, beijar, ja, joia, joiso, sujeitar* e *sujo*.

²³ Coa única excepción de *sable* ("sável"), no pranto da portuguesa.

²⁴ Practicamente sistemática é, así mesmo, a elisión vocálica (especialmente nas partículas *de* e *que*) diante de palabra comezada por vogal.

²⁵ Aínda se pode engadir o substantivo feminino *agarda* (galego).

²⁶ Curiosamente, é nun parlamento portugués onde se documenta a forma *dicir*.

falas da Galiza. Gregório Roleiro utiliza formas como *tuber, anque, malo* e *naramalla*²⁷, *nin*²⁸, *pastorejada, trasquilado* ou *pardios*²⁹; nas personaxes portuguesas rexistran-se claros españolismos como *anque-aunque, ibão, sin*³⁰, *mismo, donde, ganar, marchitar* ou *destruian*, alén doutros morfolóxicos, como o xénero feminino de *leite* e *sangue*³¹.

Determinadas grafías, por outra parte, seguen na mesma liña de unicidade escritural do *Entremés*: anarquía na utilización de 'h' (preposición *a-ha, aver, é-he, oje, orto, unha-hunha*), escasísimo uso de 'y' (só aparece rara vez en *muy*, ademais de *ay, y, may* e *arrimay*³²), e máis utilización constante da grafía 'll' en *mill* (vv. 113, 346; 40, 149, 150, 158, 341).

Se até agora se pudo ir comprobando a coincidencia básica na representación gráfica e, en xeral, na lingua utilizada na *Contenda dos Labradores de Caldelas*, cremos que tamén non é menos evidente a intencional diferenciación que, até onde o autor quixo ou pudo, se efectuou ao longo da peza dramática.

Na grafía, Feixó de Araúxo, ao tempo que utiliza sistematicamente o dígrafo 'll' para o fonema lateral palatal³³, recorre a 'nh' para [ñ] nos parlamentos portugueses, con raras excepcións que indubitablemente deben ser atribuídas a lapsos de escrita³⁴. Sorprendentemente, mantén-se esta mesma grafía no indefinido *unha*, a excepción da primeira vez que se rexistra, *umha* (v. 8), talvez ensaiando unha forma máis coerente coa fonética portuguesa e acorde coa forma do indefinido *ninhuma* (vid. *infra*).

No campo da fonética, traza unha clara fronteira entre Norte e Sul do Miño coa inclusión, mesmo gráfica, dos ditongos nasais nos parlamentos

²⁷ Cfr., de todos os xeitos, a forma *ma*, "mau, má", xunto con *ora ma*, na fala de Roleiro.

²⁸ Tamén *nen*.

²⁹ Pero é sistemática a forma *Deus*.

³⁰ Forma concorrente con *sein*.

³¹ Casos como *atropellar* ou *basallaje* poderían non tratar-se de castellanismos, á vista de grafías como *mill* ou *naramalla*.

³² Ademais de *rey*, no v. 216, escrito en español (vid. n. 19).

³³ Tendo en conta os casos xa apuntados anteriormente (vid. n. 31).

³⁴ Concretamente, *armiño, bregoña, camiño, cariño, compañeiro, Miño, moleiriña, pasariño* e *poño*. O caso de *fuçino* constitui outro lapso por *fuçiño* ou *fuçinho*.

portugueses: ‘-ão’ ou ‘-aon’ (ã, brotã, cantã, castelã, contarã, estã, galã, ibã, morrã, nã, pã, pasã, podiã, quedã, sã, serã, tã-taon, tomã, bilaon, virã), ‘-ein’ (cein, nein, quein, sein, tamein, tein, bein), ‘-ain’ (cains, G[uj]imarains) e ‘-oin’ (testoins)³⁵.

Por outra parte, introduce-se a secuencia vocálica *-oi-* (alternativa a *-ou-*) como marca distintiva e caracterizadora portuguesa: *Doiro, oiro*³⁶ e, mesmo, *oitro*, talvez condicionando, asemade, a forma *joiso* (frente á *galega juizo*).

No que respeita á morfoloxía, continua a diferenciación portugués/galego por meio da presenza vs. ausencia da forma asimilada do artigo, a utilización dos indefinidos *tudo* vs. *todo*, *ninhun*, *ninhuma* vs. *ningun* e *muto* (e *cutelada*) vs. *muito* (cfr. *supra* as formas *umhalunha*) e máis o practicamente sistemático emprego da preposición *pera*³⁷ vs. *para*, o mesmo que a asimilación *pele* vs. *polo*, segundo fale, respectivamente, unha personaxe portuguesa ou Gregório Roleiro.

Nas desinencias verbais, por outra banda, establece-se de novo diferenciación entre as portuguesas, basicamente concordantes coa lingua padrón (*acudi, agardeis, dabais, desparai, estabáis, faleis, rebolbais, sabeis*), e as galegas, que mostran a solución asimilada a partir da perda do *-d-* secundario (*abes, andes*, ao lado das formas imperativas *estai, tocai* e *tornai*).

Neste proceso de **afastamento e individualización** que Gabriel Feixó de Araúxo efectuou entre galego e portugués é onde debemos ainda incluír a sistemática oposición vocabular que se establece entre *diabo* vs. *diabro*, *homen* vs. *home*, *inda* vs. *ainda*, *meo-meho-meu* vs. *medio* ou *boce* vs. *bosa mercede* (e *bosastede*), de novo segundo fale un portugués ou un galego.

Finalmente, aínda se poden considerar outros aspectos distintivos, de menor entidade, pero tamén significativos, entre as dúas variedades lingüísticas do *Entremés dos Labradores de Caldelas*, como son a aparición das formas verbais *fes, pus* e *sou*³⁸ (frente á única galega *so*) ou da redución fonética do advérbio *mais* en *mas*. Así mesmo, poden ser indicativas certas vacilacións lingüísticas que se producen nos parlamentos galegos como *gran-grande*, *somente-somentes* ou *ei-ajo*, frente á correspondente unicidade das formas

³⁵ Como no caso de ‘nh’, tamén se rexistran lapsos, cuantitativamente pouco significativos, na representación dos ditongos nasais: *an, buscan, ciscacen, destruián, morran, quebren, requiebran, saben, en, non, San (Fins), tan*.

³⁶ Tamén *ouro*.

³⁷ Tamén aparece un caso de *para* (v. 342).

³⁸ Tamén *so* (maioritario) e *son*.

utilizadas polos portugueses, que ofrecen, en cambio, outras como *anque- aunque, decer-dicir* ou *sein-sin*.

Para concluírmos este percorrido panorámico —que non se quer exhaustivo— através da lingua do *Entremés*, e á vista de todo o que levamos exposto, cremos que podemos establecer dúas conclusións básicas, que, coidamos, deberán ser puntos de partida para futuros estudos lingüísticos da nosa primeira obra teatral:

1º. O Licenciado Gabriel Feixó de Araúxo escribe a *Contenda dos Labradores de Caldelas* sobre o modelo do galego falado na zona Norte dos enfrontamentos históricos producidos entre galegos e portugueses por causa da pesca no río Miño. A ausencia de inmediata tradición literaria galega³⁹ e o carácter esquemático e popularizante da obra, condiciona o rexistro do *Entremés*⁴⁰: a linguaxe de todos os personaxes (galego e portugueses) presenta numerosos rasgos lingüísticos que responden ao lugar da acción dramática, claramente occidental⁴¹, dialectalmente pontevedresa, da zona tudense⁴², con rasgos que aínda hoxe se manteñen como característicos deste territorio⁴³.

³⁹ Vid. M. Ferreiro, «Unha ruptura na literatura galega: os séculos escuros» in R. Carballo Calero et al., *A nosa literatura. Unha interpretación para hoxe. I.*, Sada-A Coruña, 1988 (2ª ed.), pp. 45-64, especialmente a p. 63.

⁴⁰ Para alén dalguns casos xa citados, certas formas como *discrifiçon, espilicar, resmumuniñar, bosastede*, etc. contribúen a acentuar o carácter popular da lingua do texto.

⁴¹ Por exemplo, a aparición do seseo (vid. F. Fernández Rei, *Dialectoloxía galega*, Vigo, Xerais, 1990, pp. 54-56), a solución *-an* para *-ana* en *lan, man* e *mañan* (*ibid.*, pp. 69-64) ou os plurais *-ns* para os nomes acabados en *-n* (*ibid.*, pp. 66-67).

⁴² Vid. o resumo da caracterización xeral desta área lingüística en F. Fernández Rei, *op. cit.*, pp. 120-127.

⁴³ Así, a solución *-ui-* para o grupo latino *-ult-* en *muito* (vid. F. Fernández Rei, *op. cit.*, pp. 48-51), a crase da secuencia *-oa*, do lat. *-olam* en *moos* (*ibid.*, p. 51), o resultado hipercaracterizado para o demostrativo invariábel *isto* (*ibid.*, pp. 69-73) ou a presenza das formas *oubir* e *pór* (*ibid.*, pp. 97 e 98). Outros rasgos, como a simplificación dos grupos *cua-* e *gua-* en *ca-* e *ga-* e máis a vacilación no uso das formas *tu* e *ti* do pronomine persoal suxeito aínda actualmente son fronteirizas e vacilantes en parte do territorio miño.

2º. No proceso de caracterización dramática dos personaxes, efectua-se por vía lingüística unha rápida e esquemática identificación dos antagonistas de Gregório Roleiro (o fidalgo e as outras personaxes portuguesas) por meio dun oportuno revestimento de aparencia identificadora (disfarce teatral) portuguesa (a grafía 'nh', os ditongos nasais, a asimilación *pelo*, o indefinido *ninhun*, escollas léxicas caracterizadoras, etc.)⁴⁴ para un público (popular) que ia contemplar o enfrentamento dunhas personaxes arquetípicas de dúas nacións veciñas, conxunturalmente enfrentadas por cuestións domésticas, porque xa a política de estado se encargara de abrir fondas feridas por causa da longa e recente guerra de independencia portuguesa contra Felipe II (1640-1668).

⁴⁴ A teor da grafías utilizadas para os ditongos nasais portugueses ou para a representación da consoante nasal palatal, o autor do *Entremés* debía coñecer o portugués fundamentalmente de ouvidas (vid. un caso semellante en José Luis Pensado, «Las cartas gallegas a Gondomar» in *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos (Ensayos)*, La Coruña, Ed. La Voz de Galicia, S.A., 1985, pp. 17-22). Probabelmente non pudo (ou non quixo por non o considerar dramáticamente necesario nen rendíbel) escribir en portugués, que, como é lóxico, presenta numerosos "galeguismos": *anque, ebangeos, sirolas, tamein*, etc.

ANEXO:

*A CONTENDA DOS LABRADORES DE CALDELAS*⁴⁵

*Entremés famoso en que se contiene la contienda que tubieron los labradores de la feligresia de Caldelas con los portugueses sobre la pesca del río Miño. Año de 167...
Compuesto por el Licenciado Gabriel Feyxo de Araujo. Año de 1671.*

Personas: Un portoguez
 Un labrador llamado Roleiro
 Una portoguesa
 [Portoguez]
 [Muchacha portoguesa]

Sale el portoguez

P[ORTOGUEZ]

Que un fidalgo sufra isto!
Balla-m'o Anjo da Garda!
Não sei como o nobre peito
5 não rebenta y as atacas,
da mesma maneira, brotão
por donde estão atacadas!
Que seja eu tamanha besta
que me sujeite a umha albarda?
7 Que pase a minha pesoa
10 pelo que uns mas bichos pasaon?
Pelos ebanjeos santos,
que en G[u]imarains se cantão,
pela leite que mamei,
e pela maior tallada,
15 que tein a hosta do nabo...

⁴⁵ O texto do *Entremés* que agora ofrecemos (cuxa edición crítica e anotada é de inmediata publicación) non altera a lección do manuscrito da Biblioteca Nacional de Madrid (só puntualmente mellorada polo ms. de Barcelona), agás naqueles casos en que a lexibilidade do texto o exige: desenvolvemente das abreviaturas, puntuación, utilización de apóstrofos e de acentos diacríticos, introdución de guión cos pronomes enclíticos e máis redistribución de maiúsculas, así como de 'u' e 'v', conforme á sua función, vocálica ou consonántica. Para as edicións anteriores deste texto, vid. as n. 3-6.

que ei de morrer na demanda!
 Não podiã os bilaons,
 cheos de coubas e papas,
 20 saver *que* so eu quein so,
 que con dicir isto basta?
 Pois fora grande doudice
 relatar a sangue honrrada
 que erdei dos tartarabos
 Basco Brito y Alberte Pallas.
 25 Não saben estes maganos?
 Mais, pera que digo pragas,
 se poso eu y os amigos
 pujar pela nobre espada
 ate a quitar dos galegos,
 30 —que são os cains que me trabão—,
 canta raibosa e ma sangue
 tein dentro a vea da arca.
 Con mui bo vicho se tomã;
 vou, y a penas venha a alba
 35 pelos montes de San Fins
 chorando pedras e prata,
 cando ei de estar na ribeira
 con jente tan bein armada
 que destruian os galegos,
 40 inda que mas de mill aja.
 Isto sin dubia ninhuma
 á de ser: trinta redadas
 e cantas pelo seu bento
 quisermos seraon lançadas.
 45 Logo virão con papeis,
 alegando a antigualla,
 decendo que não é uso.
 Que fuso ou que cabasa
 ay que balla se me poño
 50 y a jente da minha garda?
 A de ser o que eu q[uiser]:
 a pesca á de ser dobrada
 e tres dobrada, por Christo!
 Não á mas que facer: armas
 55 ão de atropellar con tudo.
 Quebren-se leis, ardan cartas,
 redemos como quisermos:
 á de ser nosa a ganança.
 Morrão os galegos, morran,

60
Vase
Sale el labrador

arda, pois, Caldelas, arda!

 L[ABRADOR]
 Des que se acabou a guerra,
 g[u]erra quer esta canalla?
 Eu penso que an d'aqueibar
 c'o cano da miña bara.
 65 Ten a culpa a freiguisia
 en dar-lle tamañas asas.
 Juro por tantos e cantos
 que a an de ver denegrada,
 70 anque a justicia me lebe
 os bois da corte y as bacas.
 Eu pido usos e custumes:
 calen barbas, falen cartas,
 o papel o raçará
 —que *quedou* da antigualla—.
 75 Juro a San... que an de redar
 somentes hunha redada,
 ou á de aver o diablo
 na fenteira; a mais, na agoa
 an de beber muita e d'ela,
 80 sen que d'ela teñan gana.
 Prasa a Sant'Anton que eu minta!
 Mais veran, saindo a alba,
 se nonos ouben os sordos
 y os das orellas tapadas.
 85 Que frescos paos á de aver,
 que raas tanboriladas,
 que lindos rabos de fouces,
 que galantes seijoadas!
 Quen tuber medo que fuja
 90 e va-se mui naramalla,
 porque Borgorio Roleiro
 á de defender a causa.
 Nós unha ves y eles duas?
 Esa é-che treta formada.
 95 Y abes de quedar debaixo
 co'a bosa teima inchada:
 o purtug[u]es do galego
 nunca sacou boa baça,
 nen a sacará de nós

- 100 s'os carballos dan estacas.
Isto á poder que eu posa,
juro por Santa Guitarra!
Veñan, veñan para aca,
que a an de ver denegrada.
- 105 Eles viran, craro está,
c'unha migalla d'espada,
un pestoletaço á sinta,
unha adarga atrabesada;
unhas galletas nas pernas,
- 110 hichando catro pernadas,
impipinando o chapeu,
pondo unha man na illarga,
facendo mill cirimonias
e cousas nunca contadas.
- 115 Mais non lle ajo d'agardar
tanta ratólaca; basta
con catro centos diabros
que os suman e os barran,
que deiten lance por lance;
- 120 e, se non queren, lançadas
ll'an de redar o bandullo,
espetando-ll'as entrañas.
Isto está pomosticado
por unha praineta mala,
- 125 en que á d'aver na ribeira
galantes pastorejadas.
Eu quero mal a esta jente,
ei-nos de pór en talladas,
esfarelando-ll'os cascos,
- 130 dos corpos sacar-ll'as almas;
an de saver *que* en Caldelas
ay jente de boa raça,
que para des taleigueiros
samente Roleiro basta.
- 135 Morran os porcos treidores,
e ardan cen beces, ardan!

Vase
Buelbe el portoguez

[PORTOGUEZ]
Quedão cein homẽs na pedra
pesqueira tão afamada,

- 140 os mais fortes da manada.
Por eles não sera quebra,
pois os que con migo vein
são escullidos ò dedo:
o diabo lles tein medo,
qu[e] eles a el não tein.
- 145 Traso samente un morgado,
que he a mais bela pesoa
que ay dend'o Miño a Lisboa.
Do corpo mui entallado,
da cara coma mill pratas,
- 150 pois eu sou coma mill natas
muto bein perfeisoado:
tenho o fuçin[h]o polido,
o bigote muto retorto,
tanto que ò lirio do orto
en gala tenho rendido;
- 155 buscan-me mutas doncelas,
requebran-me con amores,
y aunque beja mill fobores,
por Christo que son bo d'elas.
160 Que lles parece? Não so
un homen muto brioso,
muy galão e muy airoso?
Asi foi meu bisabo.

Sale el labrador sin que el portoguez le vea

L[ABRADOR]

Aparte

- 165 Mal aja quen te pariu,
ma Pascoa e ma San Juan
che dé Deus e ma mañan.
El ainda non me viu.

P[ORTOGUEZ]

- 170 O pasariño está vendo
esta gala e despostura,
e canta con mais duçura.

L[ABRADOR]

Este que estara facendo?

P[ORTOGUEZ]

175 Que ninhun galego venha!
 Não me espanto que asi seja,
 porque logo que me veja
 de medo quedará morto.

L[ABRADOR]
 Está resmumuniñando
 ou debe de estar raçando
 ala por seu abo torto.
 Mais pouco e pouco me chego.

Llégase

180 Beijo as mans de bosastede.
 Como está bosa mercede?
 Ten saude?

P[ORTOGUEZ]
 Si, galego.

185 L[ABRADOR]
 E que ay? Como lle bai
 tan cedo à beira do rio?
 Seica ben toma-lo frio
 a lor da calor que bai?

P[ORTOGUEZ]
 Eu venho, sabeis a que?
 a dar-bos mutto e do pau.

190 L[ABRADOR]
 Forca, ira de callau,
 ende iso, señor, por que?

P[ORTOGUEZ]
 Porque quero.

L[ABRADOR]
 E non ai mais
 de porque quero? Pardios,
 que ch'an de salta-las moos
 fora da boca cos ais.

P[ORTOGUEZ]

Aparte

195 Un tris não me falta ja
 pera rachar-ll'a cabeza.

L[ABRADOR]

Aparte

Ò cabo d'esta sinpresa
 pedras e paus abera.

P[ORTOGUEZ]

Aparte

200 Ora bein, eu o enbaso,
 e venha todo Caldelas.
 Que cuteladas tão belas!

L[ABRADOR]

Aparte

Desalmado garrotaço
 ll'ei de dar, Anjo da Garda!

Aparte

205 Eu so, como ven, un tolo
 e unha besta, con perdon;
 mais bindo o meu rebenton
 se me lateja o miolo.

P[ORTOGUEZ]
 Quero-bos decer, Roleiro,
 que a pesca de Portugal
 senpre á de ter mas cadal.

210

L[ABRADOR]
 Iso non, meu pegoreiro!
 Quen viu nunca en sacolorio
 unha cousa coma essa?

P[ORTOGUEZ]
 Eu, que che rracho a cabeza!

Saca la espada i dale.

215 L[ABRADOR]
 Tamen ch'a racha Borgorio!

Dale un palo en la cabeza i dice:

«A[h] de Dios y a[h] del rey»,
c'un portuguez rebelado!

Cáese el portuguez quando le dan i dice:

P[ORTOGUEZ]
220 Balla-m' o chão por sagrado,
que tão deboto beije.
Acudi, antes que morra,
meus amigos e parentes.

L[ABRADOR]
225 Botei-lle catorce dentes
fóra co' a cachiporra.
E tu ainda estás roncando;
guarda que se bolbo a ti!

P[ORTOGUEZ]
Nunca noutra tal me vi (*vase*)

L[ABRADOR]
O lonbo lle bai triscando.

Dice el portuguez dentro:

230 Arrimay o barco à terra,
desparai as espingardas,
não agardeis mas agardas,
apilidai todos guerra.

Dice el labrador mirando a dentro:

235 Homes, jentes, à rribeira,
tocai o sino apilido,
que está o Roleiro firido
polo medio da moleira.
Rapaces, mulleres, bellos,
ei-los ben nunha bandada;
ea, ea, seiçoada,
aperta, ruço, "y a ellos".

Mirando a dentro sienpre.

240 Aí aquel lebou boa;

245 a rela aquel despara;
gardai-bos, home da bara,
non bos furen a boroa.
Bolbe sobre eles, sobre eles,
que ja fojen coma gamos.

Dicen dentro:

Fabor, fabor, que nos afogamos!

L[ABRADOR]
250 Ò rio, ò rio co' eles!
Eis uns a cabalo d' outros!
Asi, asi, ora ma;
tornai, conpadre, [aca],
por que beban uns e outros.
Ainda andan dous patujando,
ala ban estes penedos:
255 id' ò fundo y estai quedos,
e non bos andés cançando.

Dicen dentro:

Pardes, galante matança;
non pudo, a fe, ser mellor.

L[ABRADOR]
260 Castig' -os, Noso Señor,
pois que ordenaron a dança.
Y eu ben sei sobr' o que cai,
mais nono quero decer,
quosais por non dar pracer
a alguns que en Portugal ay.
265 Ora ben, isto está feito,
eles estan afogados,
nós do feito mui pagados,
anqu' o feito custe preito,
e diñeirinho tamen
á de custar [a] alloada;
270 mais a min non se me dá nada:
al fin, nós fijemos ben.
A mais, eu so luminairo
da parrocha y á de pór
o abade o seu fabor

- 275 e todo o mais naçasaíro;
 porqu', al fin, é galanteiro
 y é amigo do juís,
 e con tres maravedís
 libra-m'a casa e quinteiro.
 280 El á de remedear-nos
 e po-las cousas en pas,
 qu'anque parece rapas
 sabe mui ben gobernar-nos.
 Ten un entendimento
 285 que pasmo: no[n] ai abade,
 crego, nin crega, nin frade,
 nen ningun bello de cento
 con tanta descrijiçon;
 y, así, penso bolberá
 290 po[r nós] e judicará
 que nos so[brou] a rraçon.
 Bou correndo pola posta
 s'acho jantar que comer,
 qu'aínda á tarde ei de esparjer
 295 unha gran pillá de bosta (*vase*).

Descubrese la cortina y bese otro portogues echado en el suelo, mojado, como qu'esta muerto, y una portoguesa llorandole.

PORT[OGUESA]

- Meu quirido, meu mimo, meu morgado,
 meu ouro fino, meu mui doce amado,
 meu espello, meu gosto, meu contento,
 meu bein, en quein eu tinha o pensamento.
 300 Qu'anamigo raiboso te matou
 e d[e] joia tan bela me privou?
 Quein foi o desalmado y atrebido
 que te quebrou, espello tan lucido?
 Quein meu minino morgado marchitou
 305 à frol da idade? Quein bos dirribou
 do trono, en que posto estabáis,
 do cariño e mimo de teís pais?
 A bosa cabeleira priciosa,
 como está tan suja? Quein a pus ludosa?
 310 A cara que à prata abentajaba,
 a gala que do corpo bos sobraba,
 os ollos, con qu'às mininas dabais pena
 c'o ollar grave e vista taon serena...,

- quein bos roubou tudo isto? Donde fica?
 315 Quein foi o que cortou rosa tão rica?
 Atacar as sirolas não sabia
 y espada de tres braços ja cinjia,
 que, pujando por ela,
 fes que ciscacen mutos muta e d'ela.
 320 No Alantejo ganou mutas vitorias,
 como bein contarão largas historias;
 ò Doiro as espumas lle tenjeu
 con sangue ruiba qu'o castelão berteu.
 Era, con ser minino, tão balente
 325 que podia por campo a muta jente.
 Y agora, malpecado,
 beo a morrer nun charco aufegado,
 y a sua moleiriña dilicada,
 aberta co'a pura cacheirada.
 330 Esperaba-bos eu bitorioso
 e tinha tres testoins de pão fromoso,
 meho sable cocido e meo asado,
 meu casco de cebola e allo petado,
 neto e meo de vinho na borracha
 335 pera os que con bosco ibão facer cacha.
 Mais a raiba galega tão trabesa
 escachou-bos a todos a cabeça.
 Mufina de min, mufina, que farei?
 Sein alma, gosto e vida, donde irei?
 340 Bolbe teus ollos a estes tristes braços,
 dar-bos-ei despois de morto mill abraços.
 Para anbos farei a sepoltura,
 e co'íço darei fin a tal tristura.

Vase con el en los brazos.

Buelbe a salir el Labrador muy suspenso.

L[ABRADOR]

- Non me quer aqueibar o pensamento,
 345 o miolo me dá golpes sen tento,
 o juízo me dá mill aldabradas
 y o carcajo me dá bacorejadas.
 Non çarro estas pestanas noite e dia
 nen ben sono a ning[u]en da freig[u]isia.
 350 Todos andan co'a barba no onbreiro,
 e todos raçean de gastar diñeiro;
 mais con gasta-lo ja se contentaran

- s'os colmaços do fogo se libran.
 Non sei, samica, non, se me espilico:
 355 quero decer, se libran o pelico
 cantos ós purtugueses deron morte,
 que os cubrirá muy boa sorte.
 Non lles teño eu medo, non,
 mais teñ'-o grande s'ai unha traicion
 360 y amaneçe, unha mañan de neboeiro,
 en fumo a caça y en braça-lo quinteiro.
 Todos son morlacos
 y, à postre, son traidores coma cacos.
 Non ay que fiar neles,
 365 porqu', ò cabo, an de pór mesa e manteles.
 Mais bejo-[o]s calados,
 qu'andan corteses muito e mesurados.
 Non sei o que faran:
 cosais co' esta tunda aqueibarán,
 370 e non seran ousados
 de vir por lan e volber trasquilados.
 Mais non trato mais d'isto,
 porque ben aqui un, bato a Tristo!

Sale otro portoguez

P[ORTOGUEZ]
 Que bai, Roleiro?

L[ABRADOR]

Aparte

- 375 Pa, que desaforado taleig[u]jeiro!
 Como ven comedido!

P[ORTOGUEZ]
 Como bai a boce? Está firido?
 Sanou ja da cutelada?

L[ABRADOR]

Aparte

- 380 Pa, con que fromosa enbajada
 me chega às orelas!
 Mais, ha que lle sacudo oje as gadellas!
 E ti y os bosos,
 que bos sacudimos ben os osos,
 tendes saude enteira?

- 385 Os mortos sairon ja na barredeira?

P[ORTOGUEZ]
 Não faleis mas niso,
 nein me rebolbais mais o joiso,
 que me toma a bregoña.

- L[ABRADOR]
 Só eu serei amigo da pesoña.
 390 E[i]s aqui man dereita,
 e digo que deixemo-la endeita.

P[ORTOGUEZ]
 Falta, por vida minha,
 que aja por fin de guerra unha festinha,
 e seja a mea dança.

- L[ABRADOR]
 395 Tamen eu farei miña mudança.

P[ORTOGUEZ]
 Ó rapariga,
 traçe ca a biola.

L[ABRADOR]
 O pandeiro diga.

- P[ORTOGUEZ]
 400 E trace co'a biola un pandeiro,
 baillará tamein Gorgor Roleiro.

Sale una muchacha portoguesa con guitarra, pandero y sonajas

M[UCHACHA PORTOGUESA]
 Aqui está tudo: cantemos,
 alegria aja y os mortos enterremos.

Toma cada uno su instrumento y canta lo siguiente y baylan.

- 405 Minha may tein prometido
 de compañeiro me dar,
 que bej[o] a mutas caçar
 e fino-me por marido.
 Tein unha aljaba o Amor,

- de setas d'oiro cargada;
 unha á de tracer crabada
 410 no que do seu bando for.
 Desd'o rei ate o menor
 a aquel bendado Cupido,
 basallaje ll'an de dar,
 que bejo a mutas caçar
 415 *e fino-me por marido.*
 He o gosto y o cariño
 y o contento dos amantes,
 é jirasol dos galantes
 que a todos segue o camiño;
 420 he rapas coma un armiño,
 aunque se mostra ofendido
 òs que o non la[.....]ar,
 que bejo a mutas caçar
e fino-me por marido.
 425 He carceleiro que prende
 con lazos mui amorosos,
 ofende muto os zelosos
 y os oitros não [o]s ofende.
 São duçuras canto bende,
 430 y é mercader mui quirido;
 bamos-lle todos conprar,
 que bejo a mutas caçar
e fino-me por marido.

FINIS LAUS DEO